bng
A Pobra
do Caramiñal

Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte MOCIÓN relativa a melloras na estación de autobuses da Pobra do Caramiñal.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Numerosos veciños e veciñas puxéronse en contacto co grupo municipal do BNG par reclamar diversas melloras no funcionamento da estación de autobuses do noso concello. Aínda sendo esta instalación de titularidade da administración galega é evidente a necesaria preocupación por parte da administración local a respecto do seu bo funcionamento.

A reclamación máis insistente foi a de dotar á estación de autobuses dunha entrada para peóns que sexa máis funcional que a actual. A día de hoxe o habitual é que a inmensa maioría de usuarios e usuarias da instalación accedan a ela pola entrada reservada en exclusiva para os autobuses. É evidente que a entrada actual non é a mellor solución de accesibilidade. Parécenos oportuno adaptar a estación á realidade de uso e dotar dunha entrada para peóns ao carón da entrada dos autobuses e do paso de peóns correspondente entre a parte de atrás do edificio de usos náuticos e a estación de autobuses.

Así mesmo o horario de apertura da instalación non se corresponde co horario de paso dos autobuses, de tal xeito que a primeira hora da mañá os autobuses con destino a Compostela teñen que recoller aos viaxeiros e viaxeiras fóra da estación, xa que está pechada. Evidentemente non se trata de reclamar un aumento abusivo do horario de atención ás persoas concesionarias da instalación, mais a día de hoxe hai mecanismos que permiten solucionar o problema de forma axeitada: automatismos e temporalizadores de apertura que evitarían que as persoas usuarias teñan que coller os buses no medio da estrada.

Por último, tamén foron varias as queixas relativas a insuficiente iluminación existente na estación, que provoca que nas horas sen luz solar a instalación estea escasamente iluminada. Situación que nos meses de inverno afecta a unha extensa franxa horaria.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

**A C O R D O**

1.- O goberno municipal xestionará coa administración galega as melloras necesarias na estación de autobuses da Pobra que permitan, cando menos, un acceso ás persoas usuarias máis directo e acorde coa realidade de uso actual. Igualmente desenvolveranse as actuacións precisas para que a estación estea aberta para todas as liñas e horarios existentes e acometeranse as melloras necesarias na iluminación e no resto de instalacións da estación para dar un servizo adecuado e de calidade.

A Pobra do Caramiñal, 18 de xuño de 2017.

CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL
19 XUÑ. 2017
Entrada nº: 2873
Saída nº:

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.